No caso de renuncia á subvención por algunha das persoas beneficiarias, o órgano concedente acordará, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención ao solicitante ou solicitantes seguintes a aquel en orde da súa puntuación, coa condición de que coa renuncia por parte dalgunha das persoas beneficiarias, se liberase crédito suficiente para atender polo menos unha das solicitudes aprobadas e denegadas por insuficiencia de crédito.

Presentar a renuncia ás axudas fóra do devandito prazo ou non presentar a renuncia nos casos de inexecución total do proxecto subvencionado suporá que a entidade non poderá solicitar axudas para os investimentos recollidos nesta resolución nas dúas seguintes convocatorias.

5. Contra as resolucións ditadas ao abeiro desta convocatoria, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que estimen procedente, poderán interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fóra expresa, ou en calquera momento contado desde o día seguinte no que se produzan os efectos do silencio administrativo ante o presidente da Axencia Galega da Industria Forestal segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 19. *Modificación da resolución*

1. Se no transcurso da tramitación do expediente de axudas o solicitante precisase introducir modificacións ao proxecto, solicitará autorización da Axencia Galega da Industria Forestal, xustificando as razóns do cambio e acompañando a oportuna actualización do expediente que contemple as variacións das actividades previstas no proxecto orixinal. O prazo para solicitar a modificación da resolución será ata un (1) mes anterior á finalización do prazo para a xustificación dos investimentos. Poderanse modificar as resolucións individuais de axuda, sempre que os novos elementos e circunstancias que motivan a modificación cumpran cos criterios de selección aplicados para a concesión das axudas, sen que poida supoñer discriminación a terceiros e que non supoña a modificación da puntuación conseguida pola aplicación dos criterios de selección.

CVE-DOG: xgid7fj6-b9n5-rs8-a0p0-3n3alr0c0g18



2. A solicitude de modificación debe formulala a persoa que exerza a representación legal da entidade beneficiaria, na forma sinalada no artigo 10, expresando os motivos e os cambios que se propoñen.

3. A modificación realizarase mediante resolución da Dirección da Axencia Galega da Industria Forestal, previa instrución do correspondente expediente de modificación e proposta motivada da Xerencia da Axencia Galega da Industria Forestal. A autorización da modificación deberá realizarse de forma expresa e notificaráselle á persoa interesada.

4. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión seguindo o principio de proporcionalidade ao que se refire o artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 20. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter a súa dirección electrónica habilitada única a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear a indicada dirección, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas do seu deber de relacionarse por medios electrónicos.

CVE-DOG: xgid7fj6-b9n5-rs8-a0p0-3n3alr0c0g18



4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 21. *Pagos anticipados e pagos a conta*

A persoa beneficiaria da subvención no momento de presentación da solicitude poderá solicitar un pago anticipado do 50 % da subvención concedida sempre que non se supere a anualidade prevista para cada exercicio orzamentario.

Así mesmo, realizaranse pagos a conta, igualmente a solicitude dos interesados, de ata un 80 % da porcentaxe subvencionada, correspondentes aos pagos xustificados.

O importe conxunto dos pagos a conta e dos pagos anticipados que no seu caso se concedesen non poderá ser superior ao 80 % da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagos xustificados.

Tanto os pagos anticipados como os pagos a conta estarán exentos da constitución de garantías conforme dispón o artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 22. *Execución das actividades*

1. As actuacións subvencionadas deben executarse nas condicións descritas no proxecto a que se refire o artigo 11, sen prexuízo do sinalado no artigo 19.

2. A realización das actividades será responsabilidade exclusiva das entidades solicitantes, ben que a Axencia debe estar informada puntualmente e con suficiente antelación das circunstancias concretas da execución e reserva para si o dereito de solicitar a información complementaria que considere oportuna, así como a comprobación de calquera aspecto relacionado con elas.

3. Con carácter previo á realización de actividades divulgativas ou formativas para as que se concedeu a subvención (excluíndo aquelas que xa fosen realizadas con anterioridade á notificación da resolución de concesión), a entidade beneficiaria deberá poñer en



coñecemento da Axencia Galega da Industria Forestal os datos que se indican no anexo VII cunha antelación mínima de sete días hábiles ao seu inicio, no caso de actividades formativas, e de tres días hábiles no caso de actividades divulgativas.

4. De todo o material e documentación obxecto de financiamento pola Axencia Galega da Industria Forestal, esta poderá facer uso coa finalidade de fomento e promoción en toda a comunidade autónoma.

Artigo 23. *Subcontratación*

Autorízase a subcontratación con terceiros das tarefas de organización das actividades coas condicións e requisitos establecidos no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Artigo 24. *Deberes das entidades beneficiarias*

1. Son deberes das entidades beneficiarias das axudas e subvencións as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en especial, as seguintes:

- a) Realizar as actividades que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión da subvención.
- c) Estar ao día nos seus deberes tributarios estatais e autonómicas e coa Seguridade Social, así como non ter pendente de pago ningunha débeda, por ningún concepto coa Administración pública da comunidade autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e a realizar a proposta de pago da subvención.
- d) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e deberes asumidos polas entidades beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionables. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.



e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, coa finalidade de garantir o idóneo exercicio das facultades de comprobación e control. Salvo que non proceda polo tipo de entidade, as entidades beneficiarias teñen o deber de acreditar que levan unha contabilidade separada ou un código contable acomodado para os gastos obxecto da subvención.

f) Adoptar as medidas adecuadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Axencia Galega da Industria Forestal, nos termos establecidos na normativa vixente sobre actividades de información e publicidade e demais normativa aplicable.

As medidas de difusión consistirán en lendas relativas ao financiamento público en carteis, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben mencións realizadas en medios de comunicación e nas redes sociais, seguindo o modelo que figura no anexo XV. Para aquelas actividades para as que se solicita subvención e que foron realizadas entre o 1 de xaneiro e a data de notificación da resolución de concesión cumprírase así mesmo con este deber nas publicacións posteriores que se fagan relativas ás devanditas actividades.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos competentes, para comprobar a aplicación das axudas á finalidade que determinou a súa concesión, o cumprimento dos requisitos exixidos para a concesión e o pago da axuda e o mantemento das condicións establecidas nas bases reguladoras, a convocatoria e a resolución de concesión, para o que presentará tanta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

i) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas para os efectos de poder comprobar o cumprimento do límite cuantitativo ao que fai referencia o artigo 9 desta resolución.

CVE-DOG: xgid7tj6-b9n5-rys8-a0p0-3n3alr0c0g18



j) Comunicarlle ao órgano que conceda a axuda calquera modificación das condicións tidas en conta no momento da concesión, así como os compromisos e deberes asumidos pola entidade beneficiaria.

k) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O incumprimento das condicións establecidas nesta resolución e as indicadas na resolución de concesión de axuda, así como atoparse nas circunstancias previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ocasionará a perda de dereito á axuda.

Artigo 25. *Xustificación e pago*

1. O prazo máximo para presentar a xustificación das actividades subvencionables será o 16 de novembro de 2021.

2. Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes da Axencia Galega da Industria Forestal, antes de proceder ao seu pago, poderán realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento das actuacións subvencionadas.

3. Para cobrar a subvención concedida, as entidades beneficiarias deberán presentar electronicamente unha solicitude de pago en función das actividades xustificadas mediante o modelo normalizado do anexo XII, acompañada da documentación sinalada no artigo seguinte. A numeración das actividades que figuran neste anexo seguirá a mesma orde que a indicada no anexo IV.

4. As solicitudes de pago e a documentación xustificativa da subvención presentaranse no prazo fixado nesta resolución e cumprindo co recollido nos artigos 28 e 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen ter presentada esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de dez días. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste parágrafo comportará a perda do dereito á cobranza da axuda, e se fose o caso, a exixencia do reintegro das cantidades percibidas, e poderá supoñer a apertura dun expediente sancionador segundo se establece na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de

CVE-DOG: xgid7fj6-b9n5-rys8-a0p0-3n3alrgc0g18



Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste parágrafo non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme a lei, correspondan.

6. Para os efectos da xustificación, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación sinalado na convocatoria. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflicta o importe da retención ou cotizacións devindicadas na data de xustificación. A entidade beneficiaria quedará obrigada a presentar os documentos acreditativos do seu pago nos dez días seguintes ao final dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario.

7. En todo caso, a forma de xustificación deberá aterse ao previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Para estes efectos, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique mediante documentos bancarios, en que deberán quedar claramente identificadas as persoas ou entidades receptoras e emisoras dos pagos, así como o concepto destes. Non se admitirán pagos en efectivo.

8. A Xerencia da Axencia Galega da industria Forestal analizará a documentación xustificativa acreditativa do cumprimento e realización da actividade obxecto de subvención e emitirá unha proposta de pago que elevará á Dirección da Axencia, órgano competente para ordenar o pago.

9. O pago efectuarase de forma nominativa a favor das entidades beneficiarias e despois de acreditación dos gastos e pagos realizados, ata o tope máximo da contía concedida como subvención.

10. Se da documentación presentada pola entidade beneficiaria para cada actividade queda xustificada unha contía inferior á da subvención inicialmente concedida, o pago realizarase pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada na devandita actividade.

11. En ningún caso poderá realizarse o pago da subvención mentres as entidades beneficiarias non figuren ao día no cumprimento dos seus deberes tributarios e coa Seguridade

CVE-DOG: xgid7fj6-b9n5-rys8-a0p0-3n3alrgc0g18



Social e non teñan pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexan debedoras por resolución de procedencia de reintegro.

Artigo 26. Documentación xustificativa para o pago

1. As entidades beneficiarias deberán presentar, xunto coa solicitude de pago (anexo XII), a documentación xustificativa para acreditar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención, no prazo, termos e na forma que estableza a resolución da concesión e que constará dos seguintes documentos:

a) Memoria resumo da execución do proxecto desagregada por actividades subvencionadas, que inclúa a xustificación da vinculación dos gastos á actividade subvencionada, así como a xustificación dos criterios de imputación, asinada pola persoa que teña a representación da entidade beneficiaria, segundo o anexo VIII.

b) Certificación da relación das facturas e outros documentos xustificativos dos gastos realizados para cada actividade do proxecto, e imputados a ela, conforme ao anexo IX, debidamente asinada pola persoa representante.

Neste anexo, detallaranse os gastos imputados a cada actividade desagregados por gastos de persoal propio da entidade e outros gastos correntes.

As entidades beneficiarias xustificarán os gastos mediante facturas e xustificantes emitidos ao seu nome, conforme os puntos seguintes deste artigo.

c) Copia das facturas ou documentos probatorios de valor equivalente. As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan os deberes de facturación e, en particular, cos seguintes requisitos:

1º. Deben desagregarse por conceptos e indicar a actividade ou as actividades a que se imputan.

2º. A expedición das facturas e o seu contido axustarase ao disposto no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan os deberes de facturación.

3º. Deberán ir identificadas e ordenadas segundo a relación a que se refire a letra b), para o caso de gastos correntes.



d) Copia do xustificante bancario do pagamento pola entidade beneficiaria no cal conste a data de pagamento, o número da factura obxecto de pagamento, o concepto facturado, a identificación da persoa que realiza o pagamento, que deberá coincidir coa persoa beneficiaria da axuda, e a identificación do destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitiu a factura. En todo caso, os xustificantes dos pagamentos deberán ir selados pola entidade financeira.

e) Documentación xustificativa dos gastos de persoal, que consistirá en:

1º. Contrato de traballo e vida laboral do período de realización das actividades correspondentes á persoa contratada.

2º. Partes de traballo asinados pola entidade e a persoa traballadora en que consten as horas dedicadas á actividade subvencionada, con descrición das tarefas realizadas.

f) Relación de persoas asistentes a cada acción, segundo o modelo que figura no anexo X, no caso de actividades formativas non regradas. Este anexo presentárase debidamente asinado por todas as persoas asistentes (salvo no caso de eventos en liña que utilicen a plataforma facilitada pola XERA), coa finalidade de acreditar a asistencia mínima a que se refire o artigo 5.2.a). Tanto nos eventos presenciais como nos que se desenvolvan en liña, a relación de asistentes conterá nome, apelidos, os tres últimos díxitos do DNI, a idade e o número de teléfono.

Para as actividades divulgativas, tanto as xa realizadas antes da presentación da solicitude como as que se vaian realizar con posterioridade, será suficiente a certificación en que o representante da entidade acredite o número de asistentes, así como a asistencia mínima a que fai referencia o artigo 5.2.b).

g) Análise estatística dos asistentes. Independentemente de que sexa unha actividade divulgativa ou formativa, cubrirase a análise estatística segundo o anexo XI que recompila a localidade, o número de asistentes e asistentes desagregados por xénero e idade, entre outros datos.

h) Informe fotográfico acreditativo da concorrencia do número mínimo de asistentes tanto para as actividades de formación como para as de difusión e divulgación.

i) Informe fotográfico acreditativo do cumprimento das medidas de publicidade e difusión recollidas no artigo 24.f) desta resolución.

CVE-DOG: xgid7fj6-b9n5-rs8-a0p0-3n3alr0c0g18



j) Copia en formato dixital de todos os documentos xerados durante a execución das actividades como, por exemplo, documentos de difusión, materiais entregados, material docente, material audiovisual, reportaxes fotográficas, etc. en que se aprecie que se cumpriu a obrigatoriedade de publicidade do financiamento público citado no artigo 24 destas bases.

k) Documentación acreditativa da repercusión pública das actividades executadas, considerando a presenza nos medios de comunicación e o impacto nas redes sociais.

l) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para as mesmas actividades incluídas no proxecto, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, e declaración de que se manteñen os requisitos para ser persoa beneficiaria, segundo o anexo XIII. Para as solicitudes conxuntas, achegárase un anexo por cada entidade que forme parte da solicitude.

m) Balance provisional de fondos da entidade beneficiaria, asinado e selado, que permita verificar a contabilidade separada da subvención, no caso de non estar exenta do deber de levar contabilidade.

n) Certificación, emitida polo representante legal, onde se faga constar para cada actividade do proxecto obxecto de subvención que foi de carácter gratuíto ou ben indicar a contía total dos ingresos percibidos por cotas de inscrición dos participantes, ou doutro tipo, para a realización da devandita actividade.

2. Deberá existir unha clara coherencia entre os gastos xustificadas e os obxectivos de cada acción subvencionable.

3. No caso de proxectos presentados conxuntamente, a documentación irá asinada polo representante que designasen as entidades interesadas.

Artigo 27. *Reintegro e perda de dereito á cobranza da axuda*

1. O incumprimento dos deberes contidos nesta resolución, así como das condicións que, se é caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar ao deber de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes.

CVE-DOG: xgid7fj6-b9n5-rys8-a0p0-3n3aargc0g18



2. No caso de condicións referentes á contía ou aos conceptos da base subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente aos conceptos subvencionables deixados de practicar ou aplicados a outros distintos dos considerados subvencionables. Con carácter xeral, se o incumprimento superase o 70 % da base subvencionable do proxecto, entenderase que ese incumprimento é total.

3. Para facer efectiva a devolución a que se refire o parágrafo primeiro tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Son causas de perda do dereito á cobranza ou, se é o caso, de reintegro as seguintes:

a) A falsificación, inexactitude ou omisión dos datos achegados polo beneficiario que servisen de base para a concesión da axuda ou a ocultación daqueles datos que a impedisen.

b) O incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, de tarefas, compromisos ou condicións do proxecto inicial ou da finalidade para a cal a axuda foi concedida.

c) O incumprimento do deber establecido de xustificación, xustificación insuficiente, xustificación fóra do prazo, falsidade, terxiversación ou ocultación nos datos ou documentos que serven de base para xustificar os investimentos subvencionables ou outros deberes impostos na resolución de concesión da axuda.

d) A resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como o incumprimento dos deberes contables, de rexistro ou de conservación de documentos, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de axudas para a mesma finalidade ou os mesmos custos, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

e) A obtención de financiamento de distintas orixes ou concorrencia de subvencións por encima do custo das actividades subvencionadas.

f) Calquera das demais causas previstas no Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



5. O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobranza da subvención e para facer efectivo, de ser o caso, o reintegro das cantidades pagadas será o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 28. *Réxime sancionador*

As persoas beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 29. *Fiscalización e control*

1. Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración, a Axencia Galega da Industria Forestal levará a cabo funcións de control, avaliación e seguimento das actuacións.

2. Para realizar as devanditas funcións poderanse utilizar cantos medios estean á súa disposición para comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados e o cumprimento dos requisitos exixidos nesta resolución e nas demais normas vixentes que resulten de aplicación.

3. A Axencia Galega da Industria Forestal poderá comprobar en todo momento a aplicación das subvencións concedidas para a finalidade da convocatoria e para estes efectos as entidades beneficiarias deberán cumprir os deberes de comprobación que se establezan nesta resolución e na resolución de concesión.

Artigo 30. *Definicións*

1. Solicitud: conxunto de anexos e documentación complementaria necesarios para tramitar a petición de axuda para a organización de actividades formativas non regradadas e divulgación.

2. Tipo de solicitud:

2.1. Solicitud individual se a presenta unha única entidade (artigo 2.3).

2.2. Solicitud conxunta se a presentan varias entidades agrupadas (artigo 2.3).



3. Categoría da solicitude: establécense dúas clases de solicitude, segundo o importe da axuda solicitada:

3.1. Proxectos tractores: aqueles cuxo investimento total subvencionable terá un mínimo de 15.000 euros e un máximo de 80.000 euros (artigo 3).

3.2. Proxectos singulares: aqueles cuxo investimento total subvencionable terá un máximo de 15.000 euros (artigo 3).

4. Proxecto: conxunto de actuacións propostas nunha anualidade e recollidas nunha mesma solicitude.

5. Actividade: cada unha das actuacións propostas, ben sexan cursos, pímulas formativas, xornadas, seminarios, charlas, visitas... que no seu conxunto conforman un proxecto.

6. Edición: cada unha das repeticións dunha mesma actividade, ben sexa porque se organiza nunha localidade diferente ou porque se repite noutra data.

7. Tipo de actividade: formativa ou divulgativa segundo as temáticas específicas recollidas no artigo 4.

8. Modalidade da actividade:

8.1. Modalidade presencial: cando os asistentes se reúnen nunha localización determinada.

8.2. Modalidade en liña, cando a actividade se desenvolve a través dunha rede de telecomunicacións que lles permite a varios interlocutores verse, oírse e compartir información.

8.3. Modalidade mixta: cando, simultaneamente, participa un número de asistentes en modo presencial e unha maior capacidade na modalidade en liña.

8.4. Modalidade sen participación directa: cando, no caso de actividades de divulgación, o público obxectivo non se convoca nun momento determinado, como pode ser o caso das campañas de comunicación, os folletos, contos...

9. Asistentes: no caso de formación non regrada, para efectos de cumprir o mínimo de persoas presentes na actividade (artigo 5, 2.a) só se cuantificarán como participantes na actividade os profesionais en activo.



Artigo 31. Información aos interesados

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código IN501A, poderase obter información adicional na Axencia Galega da Industria Forestal, a través dos seguintes medios:

- a) Páxina web oficial da Axencia Galega da Industria Forestal: www.xera.gal
- b) No teléfono 881 99 54 76.
- c) O enderezo electrónico: savia.xera@xunta.gal
- d) <https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos>
- e) Presencialmente na Axencia Galega da Industria Forestal, avda. Fernando de Casas Novoa 38 (San Lázaro), 15781 Santiago de Compostela.

Disposición adicional primeira. Outras regulamentacións

No non previsto nesta resolución observárase o disposto no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común; no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia vixente na anualidade.

Disposición adicional segunda. Base de datos nacional de subvencións (BDNS)

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.

Disposición final primeira

Facúltase a Axencia Galega da Industria Forestal para que dite, no ámbito das súas competencias, as instrucións necesarias para a aplicación ou o cumprimento do establecido nesta resolución.

CVE-DOG: xgid7fj6-b9n5-rs8-a0p0-3n3alrgc0g18



Disposición final segunda

Esta resolución terá efectos o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2021

José Ignacio Lema Piñeiro
Director da Axencia Galega da Industria Forestal

CVE-DOG: xgjd7tj6-b9n5-rys8-a0p0-3n3aargc0g18





XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN

ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES FORMATIVAS NON REGRADAS E DE DIVULGACIÓN QUE IMPULSEN O COÑECEMENTO, A COMPETITIVIDADE E A INNOVACIÓN DA INDUSTRIA FORESTAL DE GALICIA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN501A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	-------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE						
RAZÓN SOCIAL						NIF
TIPO	NOME DA VÍA				NÚM.	BLOQ.
PARROQUIA		LUGAR				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE		
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO				

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal https://notifica.xunta.gal Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS	
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
	IBAN

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO	
Tipo de solicitude:	☐ Individual ☐ Conxunta
Categoría:	☐ Proxecto tractor (entre 15.000 € e 80.000 € de investimento total subvencionable) ☐ Proxecto singular (ata 15.000 € de investimento total subvencionable)
Denominación do proxecto:	
Investimento total:	
Investimento total subvencionable:	
Axuda solicitada	
Anticipo solicitado, se é o caso	





ANEXO I (continuación)

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para o mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para o mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ANO	CONCEDIDA / SOLICITADA	ORGANISMO	IMPORTE	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Que non está incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Que non está incursa en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Que está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
6. Que a asociación non está inmersa nun proceso de concurso de acredores.
7. Que se desenvolverán en Galicia as actividades que ten asignadas no proxecto para o que se solicita a axuda.
8. Que ten capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o que solicita a axuda.
9. Que ningún dos provedores nin relatores están asociados nin vinculados coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores, e que non concorren neles ningunha das prohibicións recollidas no artigo 27.7 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

- ☐ Anexo II (pluralidade de solicitantes) para presentar por cada solicitante a maiores do que figura no anexo I, só no caso de solicitudes conxuntas. Devandito anexo II integra, ademais, a autorización á entidade sinalada como representante para a presentación da solicitude en nome do resto.
- ☐ Documento en que se acorde a colaboración entre as entidades solicitantes, a designación da que as representa, as tarefas e os compromisos asumidos económicos e/ou materiais por cada unha delas para a execución das actividades, e o importe de subvención solicitado por cada unha, no caso de solicitudes formuladas conxuntamente por varias entidades.
- ☐ Documentación xustificativa da colaboración na realización das actividades, que inclúa a experiencia e antigüidade do docente na materia para impartir, no caso de actividades nas que participen como docentes profesorado de universidades, expertos ou expertas de centros de innovación, ou profesionais de recoñecida traxectoria.
- ☐ Proxecto no que se recollan as actividades formativas non regradas e de divulgación de cada entidade, que será asinado pola persoa que exerza a representación legal da entidade. Para cada acción ou actividade incluída no índice do proxecto deberá entregarse a seguinte documentación, xunto coa documentación complementaria necesaria, e seguindo a estrutura que se indica a seguir:

☐ Memoria explicativa do proxecto segundo o anexo III (unha soa memoria por solicitude)

☐ Actividades que se van desenvolver conforme o anexo IV (cubrir un anexo por cada actividade)

☐ Orzamentos detallados cos gastos e ingresos segundo o anexo V (cubrir un anexo por cada edición)

☐ Certificado de exención do IVE ou da porcentaxe de *pro rata*, se é o caso

☐ Orzamento de ingresos para cada unha das actividades realizadas, se é o caso

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
☐ Copia dos estatutos da entidade solicitante na que figure o seu obxecto social. Cada entidade presentará a documentación que se indica neste punto, no caso de solicitudes conxuntas.			
☐ Certificación do rexistro competente que acredite a súa inscrición nel, así como que están ao día no cumprimento dos deberes referidos ao depósito de documentos e inscrición de acordos nos devanditos rexistros.			
☐ Documentación que acredite, por calquera medio válido en dereito, a representación con que actúa a persoa que asina a solicitude.			





ANEXO I (continuación)

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas opoñanse a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e presentar unha copia dos documentos	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa representante	☐
Certificación de estar ao día no cumprimento dos deberes coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social	☐
Certificación de estar ao día no cumprimento dos deberes coa Consellería de Facenda	☐
Consulta de concesións de subvencións e axudas	☐
Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas	☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	☐ SI ☐ NON
Alta no IAE ou certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria	☐ SI ☐ NON
Certificación da Axencia Estatal de Administración Tributaria de estar ao día nas obrigacións tributarias	☐ SI ☐ NON

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Axencia Galega da Industria Forestal (XERA)
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achega na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúense na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de requisitos legais impostos a devandito responsable (artigos 6.1, letras c) e e) do RGPD e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo recóllese en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos .
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 2 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2021, en réxime de concorrència competitiva, as axudas para a organización de actividades formativas non regradas e de divulgación que impulsen o coñecemento, a competitividade e a innovación da industria forestal de Galicia (código de procedemento IN501A).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



Axencia Galega da Industria Forestal

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora
<https://sede.xunta.gal>

CVE-DOG: xgia77j6-b9n5-rys8-a0p0-3n3a1rgc0g18



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


ANEXO II
PLURALIDADE DE SOLICITANTES

(cubrir só no caso de solicitudes conxuntas: un anexo por cada entidade solicitante, fóra da entidade que actúa como representante da agrupación)

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

DATOS BANCARIOS

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para o mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención.

☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para o mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ANO	CONCEDIDA / SOLICITADA	ORGANISMO	IMPORTE	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

3. Que non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Que non está incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Que está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

6. Que a asociación non está inmersa nun proceso de concurso de acredores

